

A FORXA I

- O Caurel sempre foi terra de ferreiros e así o testemuñan as fraguas ou forxas que aínda hoxe quedan.
- Hoxe en día faise uso delas para arranxa-las ferramentas e mailos apeiros e para fabricar aveños que as veces non se atopan nas tendas.
- O combustible empregado é o carbón vexetal feito coas “cozas” raíces da uz vermella. Pódese facer doutra madeira mais non ten tanta potencia calorífica. Cómpre salientar que a madeira ten que ser verde, a seca non serve.
- A fragua conta cun espazo onde se coloca o carbón chamado **Regazal**, feito con paus fortes con lousas e barro que serve de illante e algunha escoria das que van quedando cando se traballa o ferro. Logo hai unha separación de pedras e barro e detrás atopamos **o fol, ventilador ou dous foles** que funcionan alternativamente para insuflar unha corrente de aire que aviva o lume.

A FORXA II

- Na fragua non pode faltar o **Cepo**, un grosso tronco de árbore con patas ou sen elas, pero serve de sostén á **Xunque** ou **Enga** peza tamén imprescindible na forxa que consta de varias partes: a uña, o corno, os pés e uns furados onde se coloca unha peza cortante chamada: **Talladeira**. O peso da xunque depende do seu tamaño . As boas andan polos 50 kg. E as de pouco tamaño teñen un punzón cravado no cepo, cousa que non acontece nas grandes que se sosteñen elas de seu.
- O material da xunque vén sendo aceiro na parte superior e o bronce nos pés. Isto é por mor de que o bronce non aguanta os golpes.

A FORXA III

- O bo ferreiro para que lle dure un pouco máis o carbón sempre lle zapica cunha vasoira un pouco de auga.
- Na fragua non podía falta unha pía con auga para tempera-las pezas. Isto é sacar un ferro cando aínda esta ben roxo e arrefrialo bruscamente para así darlle o temple que lle confire unha dureza especial ás ferramentas.
- Cando se lles quere dar un temple máis maino mergúllanse en auga quente e os coitelo tempráanse con aceite queimado dos motores.
- O meu pai facía soldaduras sen chegar ao punto de fusión empregando as **placas de soldadura** que daquela se vendían nas tendas de ferralla.
- Quentaba os ferros ata que se poñían roxos, amarelos e logo brancos...entón era o momento de retiralos, merterlles a placa de soldadura no medio e darlles forma mallando neles enriba da xunque.

A FORXA IV

- A auga resultante de temprar disque posuía propiedades curativas para o catarro , era a **Auga de Ferreiro**, e que conste que eu bebin dela nalgunha ocasión. O que máis lembro era ese cheiro tan característico: mestura de ferro, carbón, fume e cinzas...
- Na fragua non podían faltar varios tipos de martelos, tenaces, alicates, tesoiras, limas, serras...
- Representacións dunha fragua e un fol xa se atopan nas
- Cerámicas áticas do periodo das figuras roxas de cara ó 480 a. C.

A FORXA V



A FORXA VI

- Tamén hai forxas móbiles que se empregan cando se hai que desplazar con elas, por exemplo para ir a feiras, mostras ou exposicións...



A FORXA VII

- Tamén nos novos tempos xurden outras que funcionan con gas butano ou mesmo con electricidade.

